

Nota: [No pé de páxina pode accederse aos documentos referenciados \(clicando no enlace\)](#)

Con respecto ao punto 1º da orde do día da reunión da Comisión paritaria de vixilancia e interpretación do I Convenio Colectivo, que se vai reunir o día 16 de xuño de 2006, a Sección Sindical de CC OO a través do seu representante en dita comisión di o seguinte:

1. Na Disposición transitoria cuarta, do vixente Convenio colectivo establécese a seguinte relación e equivalencias de postos:
 - o Analista / Técnico superior de tecnoloxía da información e as comunicacións.
 - o Técnico especialista en informática / Técnico especialista en tecnoloxía da información e as comunicacións.
2. Malia o que se manifesta no preámbulo do texto aprobado no Consello de Goberno, esta Sección sindical entende que o persoal informático e o responsable do Parque móbil nunca estiveron fora do Iº Convenio Colectivo da Universidade de Vigo, pois a Disposición adicional cuarta forma parte inseparable deste documento. Esta cláusula creouse especificamente para garantir a vixencia e actualización dos salarios das persoas encadradas nos referidos postos.
3. A citada Disposición adicional, cando cita a Mesa de retribucións e o estudo e valoración dos postos de traballo, o fai como referencia directa do que se di na Disposición adicional sexta na que se pacta o compromiso de realizar (na Mesa de retribucións) un estudo e valoración dos [de todos os] postos de traballo do persoal laboral para definir con máis precisión os pluses de responsabilidade e categoría que corresponden aos mesmos.
4. O estudo aludido, e nunca realizado, o que pretendía era determinar as responsabilidades análogas existentes entre distintas categorías do persoal laboral, e tamén entre estas e outras do persoal funcionario, co obxecto de que todas elas recibiran uns complementos determinados que deran como resultado un mesmo salario en cómputo anual. Ese estudo quedou pendente de realización por non ser os negociadores capaces, no seu día, de chegar a un acordo salarial que establecera unha táboa retributiva xusta, razoada e equilibrada.

5. A xerencia formalizou e constituíu a Mesa de retribucións e avaliación da calidade do PAS laboral (nun principio pensábase na Mesa do PAS, mais nada impedía que fose só do PAS laboral) o 16 de xuño de 2004, CC OO, tal e como se recolle na acta¹, presentou un documento de dez puntos², que quedou anexado á acta, ao que deu lectura *in situ* un dos seus representantes. Nese escrito recóllese a posición da Sección sindical que como se pode comprobar é coherente co que agora manifestamos. Na mesma acta tamén se recolle o compromiso da xerencia de retirar a proposta que ía presentar coa intención de que se aprobase no Consello de goberno de 17 de xuño de 2004 e, así mesmo, o xerente comprometeuse a entregar unha información adicional sobre os postos de traballo e estrutura da área de “tecnoloxías da información e comunicacións”.
6. Días máis tarde o xerente entregou aos representantes dos distintos sindicatos o documento titulado “Situación do persoal da área de tecnoloxías da información e a comunicación e proposta de posto³” con autoría da Vicerreitoría de innovación e calidade e no que se propuña unha relación de postos, tanto para o SEINV como para o SEIX, con garantía a salvagardar dos salarios que nese momento estaban a percibir os traballadores do SETEI. O citado documento semellaba a proposta de encontro que permitiría que a xerencia e a maioría do Comité intercentros chegasen a un acordo.
7. Tras ser aprobada a proposta da xerencia no Pleno do CI (sen o apoio de CC OO) as modificacións propostas na RPT foron tamén aprobadas no Consello de Goberno celebrado o 24 de xullo de 2004. O novo sistema retributivo que se propón nese acordo non se corresponde co recollido na Disposición transitoria cuarta na que expresamente, tal e como xa manifestamos, se establece a equivalencia entre as categorías de analista e TSTIC e a de TEI coa de TETIC. A idea de crear estes pares de categorías como categorías distintas entre si (entre cada un dos pares) entendemos que foi desbotada pola xerencia ao establecer para as mesmas, *de facto*, idénticas funcións, tal e como ven denunciado o persoal dos servizos informáticos. Proba desto mesmo é que a xerencia chegou a pasar outro documento⁴ (mágoa este costume de non poñer nin autoría nin data) titulado “Servizos informáticos de xestión” no que se diferencian as

¹ http://webs.uvigo.es/ccoo/pdf/paritaria/acta_mesa_160604.pdf

² http://webs.uvigo.es/ccoo/pdf/mesa_retribucions_160604.pdf

³ http://webs.uvigo.es/ccoo/pdf/propostas_06/setei/proposta_setei_xunho040001.pdf

⁴ http://webs.uvigo.es/ccoo/pdf/propostas_06/setei/tei_sing_nonsing_04.pdf

funcións entre as categorías de técnicos especialistas singularizados e técnicos especialistas non singularizados.

8. Pretender, tal e como se especifica na proposta de 7 de xuño de 2006, que unha parte dos TETIC reciba un complemento persoal, non se corresponde, segundo a nosa interpretación, co pretendido polos negociadores do Iº Convenio colectivo, e, ademais de crear castes distintas entre traballadores/as que teñen a mesma responsabilidade, senta un mal precedente pois non se resolve a raíz do problema senón que queda de novo encistado, de tal xeito que unha vez máis non se resolve o conflito senón que, fuxindo cara adiante, avanzamos cara a seguinte mata.
9. Na Disposición adicional terceira do actual convenio os pluses *ad personam* son unha garantía para evitar perdas salariais ao persoal que goza de certos beneficios adquiridos en convenios anteriores, esta adicional non pode ser o recurso da xerencia para xustificar diferencias retributivas entre iguais. Ademais tampouco axuda a solucionar os desequilibrios retributivos que se dan entre as distintas categorías do PAS laboral, unha das encomenda que os asinantes do convenio, confiaron á Mesa de retribucións.
10. Como proba tamén das garantías que os asinantes do Iº Convenio tiveron que crear para establecer a confianza que permitira a súa aprobación (foi asinado o día no que a parte social aceptou o preacordo) achegamos outro documento⁵ no que se verifica que os representantes da parte social comprometéronse, novamente a través da Mesa de retribucións, a que en ningún caso houbera diminución nos salarios das categorías e postos existentes nese momento.

Polo tanto, e a modo de conclusión, esta Sección Sindical entende que:

- a) A modificación, unificación e homoxeinización de categorías profesionais e conceptos retributivos do PAS laboral que se pretendían no Iº Convenio colectivo é unha tarefa pendente.
- b) O acordo de Consello de goberno de 24 de xullo de 2004, non contou co apoio de CC OO, e aínda que aceptamos o decidido pola maioría do CI, perante esta Paritaria, na que temos voz e voto como sindicato, amosamos o noso desacordo co decidido no seu día.

⁵ http://webs.uvigo.es/ccoo/pdf/propostas_06/setei/acordo_sind_1convenio0001.pdf

- c) CC OO, interpreta que a Disposición adicional cuarta, que é parte viva do Iº Convenio colectivo, equipara as categorías de analista e TSTIC no grupo I, e as de técnico de informática e TETIC no grupo III. Polo tanto non cabe ningunha diferenza ou singularización retributiva entre os traballadores e traballadoras que pertencen aos postos de traballo nelas encadrados.
- d) Utilizar a Disposición adicional terceira para xustificar a percepción de salarios distintos por parte de traballadores/as que pertencen a mesma categoría, tal e como se fai na proposta de 7 de xuño de 2006, non se corresponde co acordado no Iº Convenio, e é, segundo a nosa interpretación, unha vía errónea e de difícil xustificación, para solucionar o asunto que nos trae a esta Comisión.
- e) Por último, aproveitamos o momento, para instar a xerencia a que poña a vontade e os recursos necesarios para solucionar, na Mesa de retribucións e avaliación da calidade, as diferenzas que se dan entre categorías dun mesmo grupo do persoal laboral, e se acaso, de existir consenso e vontade, as que se dan entre o persoal laboral e o persoal funcionario. Con este fin (máis o de desenvolver a cultura da calidade) e non outros, creouse a tan referida Mesa de retribucións e avaliación da calidade.

Vigo 16 de xuño de 2006

No nome do sindicato CC OO

Manuel Velasco Graña

Representante do sindicato na Comisión Paritaria.

SR. PRESIDENTE DA COMISIÓN PARITARIA DE VIXILANCIA E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

SRES. MEMBROS DA COMISIÓN PARITARIA DE VIXILANCIA E INTERPRETACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.